

*Anuncio***NOTIFICACION EDICTAL DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992), fanse públicas as notificacións das propostas de resolución desestimatorias dos escritos de alegacións presentados aos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, ésta non se puido practicar.

O órgano Instructor do Procedemento é a Unidade de Sancións da Policía Local de Lugo e órgano competente para a súa resolución o Excmo.Sr.Alcalde, de conformidade co disposto no art.71.4 da Lei de Seguridade Viaria.

Os correspondentes expedientes obran na Unidade de Sancións da Policía Local de Lugo, Rúa Río Neira, nº 27 baixo.- Lugo.

Alegacións a proposta de resolución: Os interesados poderán formular novas alegacións ante esta Unidade no prazo de QUINCE DIAS NATURAIS, si figuran no procedemento ou se se tivesen en conta na resolución outros feitos ou alegacións e probas diferentes ás aducidas polo interesado (Art. 81.4 da Lei 18/2009, de 23 de novembro).

No caso de non formular alegacións no prazo concedido ó efecto, dictarase a correspondente resolución sancionadora.

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Lugo, 28 de xaneiro de 2015.- O ALCALDE , PD.- O Primeiro Tenente de Alcalde Delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, Luis Manuel Alvarez Martínez

Expediente	Matrícula	Nif	Nome	Municipio	Data/Hora	Art/Lei	Puntos	Importe
2014-A-0003998	9723DWV	33246136G	FRANCO VAZQUEZ JOSÉ	OUTEIRO DE REI	17/09/14/14:03	94/CIR	0	80

R. 0415

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xaneiro de 2015, aprobou por unha banda declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a CONTRATACION DUN SERVIZO DE LACERÍA E PRESTACIÓN DE SERVICIOS ASOCIADOS AO SEU FUNCIONAMENTO NO CONCELLO DE LUGO polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 14 de xaneiro de 2015 e por outra a apertura dun novo prazo de licitación de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a presentación de ofertas

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Prestación do servizo de lacería así como outros asociados ao seu funcionamento

b) **Prazo de execución:** A duración do contrato será de UN ANOa contar dende a data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, a cal deberá realizarse necesariamente no prazo máximo de UN MES dende a data de formalización do contrato administrativo. O dito prazo será prorrogable por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluídas a prórrogas, poida exceder de DOUS ANOS

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O prezo de licitación ascende a 39.669,42 euros ó que sumado o IVE (21%) – 8.330,57 euros – resulta un prezo total de 48.000 euros para a primeira anualidade

O valor estimado total do contrato, tendo en conta as posible prórrogas é de 158.677,68 euros IVE excluído.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 161,72 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 21 de xaneiro de 2015.- O ALCALDE, P.D. A OITAVA TENETE DE ALCALDE POR SUPLENCIA DA TITULAR DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Rosana Rielo Rozas

R. 0454

MEIRA

Anuncio

Por Acordo Plenario de data 26 de novembro de de 2014, aprobouse a **ORDENANZA NON FISCAL PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E O ASEGURAMENTO DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS TERREOS POLA QUE SE REGULAN AS PLANTACIÓNS ARBÓREAS, AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E OS USOS DO LUME NO CONCELLO DE MEIRA**. E ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor: